

I Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO I

I. Especialidades básicas de inspección educativa.

Nivel	Especialidade
Educación infantil, educación primaria.	Educación preescolar, infantil e primaria.
Educación secundaria, formación profesional de grao superior.	Lingua. Humanidades. Linguas estranxeiras e ensinanza de idiomas.

II. As especialidades de inspección educativa, en cada un dos niveis, correspóndense coas especialidades docentes que en cada caso se sinalan:

Especialidade de inspección educativa	Especialidades docentes
Educación preescolar, infantil e primaria	Educación preescolar, infantil e primaria.
Lingua	Lingua castelá e literatura; linguas clásicas.
Humanidades	Filosofía; xeografía e historia.
Linguas estranxeiras e ensinanza de idiomas	Linguas estranxeiras e especialidades do profesorado de escolas oficiais de idiomas.
Matemáticas	Matemáticas.
Ciencias	Bioloxía e xeoloxía; física e química.
Tecnoloxía e formación profesional	Tecnoloxía e especialidades do profesorado que imparte formación profesional.
Educación física e deportes	Educación física e ensinanza deportivas.
Educación artística	Debuxo; música; especialidades do profesorado de ensinanza artísticas.
Pedagogía ou psicoloxía	Pedagogía e psicoloxía.

ANEXO II

Criterios de adscrición dos actuais inspectores de educación ás especialidades

1. Inspectores pertencentes ó corpo de inspectores ó servizo da Administración educativa (CISAE).

Á especialidade básica correspondente coa especialidade docente que tiñan asignada no corpo de procedencia no momento da súa integración no CISAE ou, no seu defecto, coa especialidade correspondente á titulación académica aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o ingreso no corpo de inspectores ó cal no seu momento accederon.

2. Inspectores pertencentes ó corpo de inspectores de educación (CIE).

Á especialidade básica correspondente coa especialidade docente que tiñan no corpo desde o que accederon á función inspectora ou ó corpo de inspectores de educación ou, no seu defecto, coa especialidade correspondente á titulación académica aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o acceso á función inspectora ou ó corpo de inspectores.

3. Habilitacións.

Sen prexuízo do anterior, os inspectores poderán ser habilitados para actuacións especializadas correspon-

Nivel	Especialidade
	Matemáticas. Ciencias. Tecnoloxía e formación profesional. Educación física e deportes. Educación artística. Pedagogía ou psicoloxía.

As comunidades autónomas que teñan, xunto coa castelá, outra lingua propia cooficial poderán incluír como especialidade a dita lingua propia.

En circunstancias excepcionais e mentres estas persistan, as administracións educativas, para os efectos exclusivamente funcionais internos da inspección educativa, poderán considerar agrupadas nunha soa especialidade a de lingua e humanidades, por unha parte, e as de matemáticas e ciencias, por outra, todo iso sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira.

dentes con titulacións universitarias de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, distinta da aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o acceso á función inspectora.

En todo caso, cada inspector estará adscrito só á especialidade que lle corresponda, de acordo cos criterios establecidos nos puntos anteriores, para os efectos que este real decreto lle atribúe a esta adscrición.

XEFATURA DO ESTADO

22715 LEI ORGÁNICA 18/2003, do 10 de decembro, de cooperación coa Corte Penal Internacional. («BOE» 296, do 11-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En virtude da autorización concedida pola Lei orgánica 6/2000, do 4 de outubro, España ratificou, por instrumento do 19 de outubro de 2000 (depositado o 25 de outubro), o Estatuto da Corte Penal Internacional adoptado en Roma o 17 de xullo de 1998. O dito estatuto entrou en vigor, conforme o disposto no seu artigo 126, o 1 de xullo de 2002.

A estrutura desta lei, comparable á que se seguiu na Lei orgánica 15/1994, do 1 de xuño, para a cooperación co Tribunal internacional para o axuízamento dos presuntos responsables de violacións graves do dereito internacional humanitario cometidas no territorio da ex-Iugoslavia, e na Lei orgánica 4/1998, do 1 de xullo, para a cooperación co Tribunal internacional para Ruanda, parte do presuposto do carácter autoexecutivo de numerosos preceptos do Estatuto de Roma, en condicións de positividade que permiten a súa aplicación directa polos tribunais, naqueles sistemas coma o español, en que os tratados poden ser aplicados directamente cando o contido material da norma internacional así o permita.

En lóxico desenvolvemento desa formulación, a lei só regula aqueles aspectos orgánicos, procesuais e procedementais que permitan a aplicación concreta do Estatuto, evitando reproducir preceptos deste que serían redundantes.

No ámbito das fontes, recóllense loxicamente, ademais do propio estatuto e desta lei, as demais leis españolas aplicables, no que non estea regulado expresamente por ela. Ademais, deberanse ter en conta os acordos que se poidan celebrar entre España e a Corte, así como, naquilo que sexa pertinente, as regras de procedemento e proba da Corte, que deberán ser obxecto de publicación no Boletín Oficial del Estado.

A lei regula con particular coidado o chamado «mecanismo de activación», a través da denuncia por España dunha situación que podería ser da competencia da Corte, configurándose como unha competencia exclusiva do Goberno por mor das diversas variables de política exterior que deben ser ponderadas polo órgano constitucionalmente responsable da política exterior.

A lei pon particular coidado na regulación de eventuais conflitos competenciais entre a Corte e os tribunais españois, establecéndose o deber do Executivo de soste-la competencia española cando esta foi exercida ou se está exercendo, pero establécese un matiz ou gradación nos deberes do Executivo, inspirado en recente doutrina tanto da Sala Segunda como da Sala Terceira do Tribunal Supremo, verbo do deber de recorrer ou a facultade de facelo ante órganos xudiciais externos. Cando a causa se encontre nun estadio inicial, no momento procesual en que o fiscal da Corte reclama a competencia, o Goberno ten o deber de recorrer ante a Sala de Cuestións Preliminares, pero cando esta xa se pronunciou sostendo a competencia da Corte, o Goberno ten a facultade de apreciar soberanamente se se somete a esta decisión ou interpón recurso ante a Sala de Apelacións.

Un elemento significativo desta lei é a entrega á Corte dunha persoa reclamada por esta, que resulta imprescindible, pois o estatuto non permite dictar sentencias en rebeldía. Os preceptos do estatuto e das regras de procedemento e proba son moi minuciosos e concordantes co dereito interno español, polo que esta lei só introduce os adecuados complementos. O aspecto máis significativo refírese ó principio xeral que establece o estatuto acerca da obrigatoriedade de decreta-la prisión provisional, sendo excepción a liberdade provisional, aínda que non se establece un automatismo rigoroso, eliminando por completo a facultade de apreciación polo xuíz interno, senón soamente que examine e valore as

recomendacións da Corte, tal e como establece o artigo 59.4 do estatuto. No que atinxe á entrega á Corte, a característica principal é a limitación dos motivos de denegación da solicitude, apartándose dos modelos clásicos en materia de extradición, xa que nin sequera a existencia de cousa xulgada pode impedi-la entrega, sen prexuízo da valoración que, se é o caso, poida efectual-a Corte.

Xunto ó núcleo básico da cooperación, constituído pola entrega á Corte, a lei regula tamén diversos aspectos do auxilio xudicial internacional, aínda que tendo en conta a precisión do estatuto na regulación dunha variada tipoloxía de comisións rogatorias e outras formas de cooperación, pareceu suficiente prever na norma interna española mínimos complementos procesuais.

A execución das sentencias da Corte, tanto en canto ás penas principais como en canto ás consecuencias accesorias e a reparación ás vítimas, é tamén obxecto de regulación e, seguindo a mesma técnica lexislativa, introdúcense desenvolvementos normativos mínimos, sendo aplicables as normas xerais e eventuais acordos coa Corte. No que atinxe ás penas privativas de liberdade, España formulou, ó ratifica-lo estatuto, unha declaración en que expresa a disposición a recibir en España persoas condenadas pola Corte, para cumprimento da condena, baixo determinados límites temporais, de acordo coa habilitación concedida pola disposición adicional única da Lei orgánica 6/2000, do 4 de outubro.

No plano orgánico, mantense a competencia da Audiencia Nacional para a cooperación pasiva concernente á entrega á Corte, sendo competentes os restantes órganos xudiciais, sexa para a cooperación activa, sexa para certos aspectos da pasiva, como son as comisións rogatorias, actos de notificación e outras formas de cooperación. Na orde política e administrativa, o Ministerio de Xustiza é o órgano de relación coa Corte, sen prexuízo de ter que contar co criterio do Ministerio de Asuntos Exteriores nos asuntos da súa competencia.

A competencia para a entrega residenciase no xuíz central de Instrucción da Audiencia Nacional, cun recurso de apelación ante a Sala do Penal, con motivos taxados, tal e como está previsto no artigo 790 da Lei de axuízamento criminal, no procedemento abreviado. A diferenza do modelo que inspira a Lei de extradición pasiva de 1985, a intervención do Poder Executivo é reducida, xudicializándose todo o sistema e eliminándose as chamadas fases gobernativas, e dentro desta fase xudicial agora única, redúcense os motivos de oposición á solicitude de entrega.

Artigo 1. *Obxecto e fontes xurídicas.*

O obxecto desta lei orgánica é regula-las relacións de cooperación entre o Estado español e a Corte Penal Internacional no exercicio da xurisdicción e funcións encomendadas a esta institución polo Estatuto de Roma do 17 de xullo de 1998 —no sucesivo, o estatuto— e a súa normativa complementaria, mediante a atribución de competencias ós órganos estatais e o establecemento de procedementos internos adecuados, aplicables no non previsto no estatuto e as súas normas complementarias na medida en que estas resulten pertinentes, en particular as regras de procedemento e proba, así como nos acordos específicos de cooperación que España poida celebrar coa Corte.

Con carácter supletorio a esta lei aplicaranse as normas orgánicas e procesuais de aplicación xeral.

Artigo 2. *Da cooperación pasiva.*

España prestará plena cooperación á Corte Penal Internacional —no sucesivo, a Corte— de conformidade co previsto no estatuto e en especial no seu artigo 86.

Artigo 3. *Da cooperación activa.*

Os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal poderanlle dirixir, por conducto do Ministerio de Xustiza, as solicitudes de cooperación á Corte que se consideren necesarias no marco dun proceso que se seguise en España e nos casos e condicións que establece o artigo 93.10 do estatuto.

Artigo 4. *Das autoridades competentes.*

Son autoridades competentes para a aplicación desta lei:

- a) O Goberno.
- b) O Ministerio de Xustiza.
- c) O Ministerio de Asuntos Exteriores, nos casos previstos nesta lei, e, en todo caso, cando interviñesen factores de política exterior.
- d) O Ministerio de Defensa e o Ministerio do Interior, cando o acto de cooperación afecte as súas competencias.
- e) Os órganos xudiciais da xurisdicción ordinaria e, en particular, a Audiencia Nacional.
- f) Os órganos xudiciais militares e, en particular, o Tribunal Militar Central.
- g) O Ministerio Fiscal.

Artigo 5. *Da representación e defensa procesual.*

1. A representación e defensa en xuízo de España ante os órganos da Corte corresponderalles ós avogados do Estado integrados na Avogacía Xeral do Estado e de acordo coas instrucións impartidas conxuntamente, en cada caso, polo Ministerio de Xustiza e polo Ministerio de Asuntos Exteriores. Nos supostos en que o procedemento afecte materias propias dalgún departamento ministerial, oírase este antes de impartilas citadas instrucións.

2. O Goberno, por motivos excepcionais e oído o avogado xeral do Estado, poderá acordar que unha persoa, especialmente designada para o efecto, actúe como axente de España nun determinado procedemento ante os órganos da Corte. A persoa designada polo Goberno asumirá no desempeño dos seus servicios as funcións de avogado do Estado e axustarase ás disposicións que regulan o exercicio das devanditas funcións.

Artigo 6. *Dos órganos de relación e consulta coa Corte.*

1. O Ministerio de Xustiza é o único órgano de relación entre a Corte, por un lado, e os órganos xudiciais e Ministerio Fiscal, por outro, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores.

2. O Ministerio de Xustiza é tamén o órgano de consulta coa Corte nos casos previstos no estatuto, e deberá informar previamente de cada consulta ó Ministerio de Asuntos Exteriores. No suposto de que a consulta afecte materias propias do ámbito competencial dos ministerios do Interior ou Defensa, solicitará o informe destes departamentos.

Cando a consulta inclúa, a xuízo do Ministerio de Asuntos Exteriores, aspectos de política exterior, será este o competente, en coordinación co Ministerio de Xustiza e, se é o caso, con outros ministerios concernidos.

Artigo 7. *Da solicitude para iniciar unha investigación polo fiscal da Corte.*

1. Correspóndelle exclusivamente ó Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta

conxunta do ministro de Asuntos Exteriores e do ministro de Xustiza, decidi-la presentación da denuncia dunha situación ante o fiscal da Corte, de conformidade co previsto nos artigos 13, parágrafo a), e 14 do estatuto, e se é o caso, para instar da Sala de Cuestións Preliminares que o fiscal reconsidere a súa decisión de non iniciar actuacións, conforme o artigo 53.3.a) do estatuto.

2. Cando se presentase unha denuncia ou querela ante un órgano xudicial ou do Ministerio Fiscal ou unha solicitude nun departamento ministerial, en relación con feitos sucedidos noutros Estados e os seus presuntos autores non sexan nacionais españois e para o seu auxilio puidese ser competente a Corte, os ditos órganos absteranse de todo procedemento, limitándose a informa-lo denunciante, querelante ou solicitante da posibilidade de acudir directamente ó fiscal da Corte, que poderá, se é o caso, iniciar unha investigación, sen prexuízo de adoptar, se for necesario, as primeiras dilixencias urxentes para as que puidesen ter competencia. En iguais circunstancias, os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal absteranse de proceder de oficio.

3. Non obstante, se o fiscal da Corte non acordase a apertura da investigación ou a Corte acordase a inadmisibilidade do asunto, a denuncia, querela ou solicitude poderá ser presentada novamente ante os órganos correspondentes.

Artigo 8. *Do requirimento de inhibición ó fiscal da Corte.*

1. Recibida no Ministerio de Xustiza notificación do fiscal da Corte de inicio dunha investigación conforme o artigo 18.1 do estatuto, de se tratar de feitos dos que lle podería corresponder-lo coñecemento á xurisdicción española por ter acaecido en territorio español ou teren os seus presuntos responsables a nacionalidade española, o devandito departamento ministerial solicitará do fiscal xeral do Estado información urxente sobre a existencia de actuacións penais que se sigan ou se seguisen en relación cos feitos obxecto da investigación, así como sobre se teñen competencia os tribunais españois.

2. Cando da información subministrada polo fiscal xeral do Estado aparecese que se exerceu xurisdicción en España, se está exercendo ou, como consecuencia da notificación recibida, foi iniciada unha investigación polas autoridades españolas, os ministros de Xustiza e de Asuntos Exteriores, en prazo que non poderá superar os vinte días desde a recepción da notificación do fiscal da Corte, elevarán proposta conxunta ó Consello de Ministros para que resolva sobre soste-la competencia das autoridades españolas e, se é o caso, pedi-la inhibición ó fiscal da Corte conforme o artigo 18.2 do estatuto.

3. Unha vez aprobado o acordo do Consello de Ministros do punto anterior, corresponderalle ó Ministerio de Xustiza formula-la petición de inhibición e realiza-las restantes actuacións previstas no estatuto para lle dar cumprimento ó dito acordo.

4. O Ministerio de Xustiza responderá con carácter urxente a calquera petición de información do fiscal da Corte referida ó estado dos procedementos penais que se seguisen en España e que fosen obxecto de petición de inhibición, solicitando a dita información do fiscal xeral do Estado ou directamente do órgano xudicial que estivese coñecendo do asunto. A información transmitirase cos límites de utilización que establece o órgano xudicial que autorizase a información.

5. Cando da información subministrada polo fiscal xeral do Estado de conformidade co punto 1 resulte que non se exerceu xurisdicción, nin se está exercendo, nin se iniciou investigación en España, o Ministerio de Xustiza comunicarllo urxentemente ó fiscal da Corte.

Artigo 9. *Da impugnación da competencia da Corte ou da admisibilidade da causa.*

1. Correspóndelle exclusivamente ó Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta conxunta do ministro de Xustiza e do ministro de Asuntos Exteriores, acorda-la impugnación da competencia da Corte ou da admisibilidade da causa, de conformidade co previsto nos artigos 17 e 19 do estatuto, cando os tribunais españois coñecesen do asunto e recaese a sentenza, ou se decretase o sobresemento libre da causa ou estean coñecendo do asunto. O dito acordo habilitará, se é o caso, o Ministerio de Xustiza para levar a cabo a impugnación.

2. Tal impugnación formalizarase coa maior brevidade posible, antes do inicio do xuízo na Corte e, excepcionalmente, no momento da súa iniciación ou nun momento posterior, fundándose neste último caso no único motivo de terse producido xa cousa xulgada en España.

Artigo 10. *Da inhibición da xurisdicción española a favor da Corte.*

Se, a pesar da solicitude de inhibición ó fiscal da Corte prevista no artigo 8 desta lei ou da impugnación da competencia ou a admisibilidade da causa recollida no artigo 9, a sala competente da Corte autoriza o fiscal a proceder á investigación ou mantén a súa competencia, o órgano xurisdiccional español inhibirase a favor da Corte e por solicitude desta remitiralle o actuado.

Artigo 11. *Da detención.*

1. Cando for detida unha persoa, en cumprimento dunha orde da Corte de detención provisional ou de detención e entrega, a autoridade que practicase a detención comunicarllo inmediatamente ó Ministerio de Xustiza e ó xuíz central de Instrucción da Audiencia Nacional, debendo ser posta a devandita persoa á disposición do xuíz central de instrucción sen demora e, en todo caso, dentro do prazo de setenta e dúas horas seguintes á detención.

2. O xuíz central de instrucción oirá a persoa reclamada, asistida de letrado e, se é o caso, de intérprete e o Ministerio Fiscal, dentro das setenta e dúas horas seguintes á súa posta á disposición xudicial. Despois de verifica-la identidade do detido, o contido da orde de detención e as circunstancias previstas no artigo 59.2 do estatuto informará o detido do contido da orde de detención e do seu dereito a solicita-la liberdade provisional.

3. Cando a orde de detención da Corte se refira a unha persoa que se encontra cumprindo condena imposta polos tribunais españois ou polos dun terceiro Estado desde o cal fose trasladada a España para o seu cumprimento, a autoridade penitenciaria competente informará con antelación suficiente sobre a data de excarceración o xuíz central de instrucción e o Ministerio de Xustiza, que informará a Corte sobre a data prevista de excarceración.

Artigo 12. *Da liberdade provisional.*

1. Se o detido solicitase, na comparecencia prevista no artigo anterior, a súa liberdade provisional, o xuíz central de instrucción acordará remitirle a dita solicitude á Corte, a través do Ministerio de Xustiza, con indicación do prazo para recibi-las súas recomendacións, que non será inferior a vinte días. Na mesma resolución o xuíz central de instrucción acordará a prisión provisional do detido polo tempo estrictamente necesario para reci-

bi-las recomendacións da Corte sobre a dita solicitude e ata que se resolva sobre esta.

2. Unha vez recibida, a través do Ministerio de Xustiza, a comunicación da Corte coas recomendacións que esta formule sobre a solicitude de liberdade, ou concluído o prazo sinalado para a súa formulación, o xuíz central de instrucción, logo da valoración das ditas recomendacións, poderá acorda-la liberdade provisional do detido cando existan circunstancias urxentes e excepcionais que o xustifiquen e adoptará as salvagardas necesarias para cumpri-la obriga de entregarlle a persoa á Corte e, en especial, as medidas recomendadas para o efecto por esta.

3. Se no prazo establecido nas regras de procedemento e proba a Corte non remitise a documentación para a entrega prevista no artigo 91.2 e 3 do Estatuto, o xuíz central de instrucción poderá acorda-la liberdade provisional e as medidas cautelares adecuadas, que se manterán por un tempo máximo de cento oitenta días, sen prexuízo de volver decreta-la prisión unha vez recibida a documentación da Corte.

4. Cando se acordase a liberdade provisional, será informada a Sala de Cuestións Preliminares e, posteriormente, cantas veces esta o solicite.

Artigo 13. *Da entrega simplificada.*

1. Na comparecencia regulada no artigo 11 desta lei interrogarase a persoa reclamada acerca de se consente na súa entrega e, se dese o consentimento, o xuíz central de instrucción dictará auto en que acorde a entrega á Corte sen máis trámites e sen que sexa necesario que a Corte remita a documentación prevista no artigo 91 do estatuto.

Procederase da mesma maneira se tamén consente na entrega respecto a outros feitos non comprendidos na solicitude da Corte e que puidesen aparecer no curso do proceso ante esta, e, se non accedese, a entrega efectuarase só polos feitos contidos na solicitude, sen prexuízo do que proceda, despois da entrega, en aplicación do punto 2 do artigo 101 do estatuto. Fóra deste caso, non se admitirá un consentimento parcial.

2. O xuíz central de instrucción remitiralle urxentemente copia do auto ó Ministerio de Xustiza, que informará de inmediato a Corte e solicitará indicacións desta, de cara á realización do traslado. Unha vez recibidas as ditas instruccións, transmitirallas ó Xulgado Central de Instrucción e ó Ministerio do Interior ós fins da entrega.

3. A persoa reclamada, aínda que se opuxese á entrega na citada comparecencia, poderá da-lo seu consentimento dentro dos quince días seguintes, procedéndose en tal caso conforme o previsto nos puntos precedentes.

4. Na mesma comparecencia informárase o detido de que o consentimento, unha vez dado, é irrevogable.

Artigo 14. *Da orde de comparecencia dun imputado ante a Corte.*

Cando, en lugar dunha solicitude de detención, a Corte dictase unha orde de comparecencia, o Ministerio de Xustiza remitiralle a solicitude da Corte ó xuíz de instrucción do domicilio ou residencia da persoa buscada, o cal citará a esta persoalmente, informándoa da data e demais circunstancias relativas á dita comparecencia, e adoptará as medidas de aseguramento da comparecencia previstas na lexislación procesual española que considere máis adecuadas, con exclusión das privativas de liberdade, remitíndolle as dilixencias practicadas ó Ministerio de Xustiza, que llas transmitirá á Corte.

I
Artigo 15. *Da entrega á Corte.*

1. Non accedéndose á entrega simplificada, cando for detida unha persoa en cumprimento dunha orde da Corte de detención e entrega ou unha vez recibida no Xulgado Central de Instrucción a documentación prevista no artigo 91.2 ou 3 do estatuto, segundo os casos, porase esta de manifesto en Secretaría e convocarase a unha audiencia que terá lugar no prazo máximo de dez días, con citación da persoa reclamada e o seu defensor e, se é o caso, dun intérprete, así como do Ministerio Fiscal. A dita audiencia poderá asistir e intervir nela un delegado do fiscal da Corte.

Non se admitirán outras alegacións ou probas que as relativas á concorrencia ou non dos requisitos establecidos nos puntos 2 ou 3 do artigo 91 do estatuto, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. Cando se alegase a excepción de cousa xulgada, o Xulgado Central de Instrucción comunicarllo ó Ministerio de Xustiza, aprazando a resolución sobre a entrega, mentres o Ministerio de Xustiza efectúa as consultas coa Corte previstas no artigo 89.2 do estatuto. Se de tales consultas resultase que a causa foi declarada admisible pola Corte, o Xulgado Central de Instrucción alzará a suspensión. O dito xulgado poderá tamén acordar a suspensión da vista cando tivese que practicar algunha información complementaria.

3. Concluída a vista, o Xulgado Central de Instrucción resolverá sobre a petición de entrega, por medio de auto, no prazo de tres días.

4. Se no citado auto se denegase a entrega, poderase manter a situación de prisión provisional ata a firmeza da dita resolución.

5. Se a resolución for estimatoria, unha vez firme, notificaráselle de inmediato ó Ministerio de Xustiza e este daralle traslado seguidamente á Corte, solicitando indicacións para a realización do traslado, que unha vez recibidas se lle comunicarán ó Xulgado Central de Instrucción e ó Ministerio do Interior.

6. Se a resolución for denegatoria da entrega, unha vez firme, porase urxentemente en liberdade a persoa detida e comunicarlle ó Ministerio de Xustiza, que pola súa vez o fará á Corte.

Artigo 16. *Das solicitudes concorrentes.*

1. Cando concorrese coa solicitude de entrega da Corte unha solicitude de extradición dun Estado, sexa ou non parte no estatuto, ou unha orde europea de detención e entrega, notificaráselle este feito á Corte e ó Estado requirente e tramitaranse conjuntamente ámbolos dous procedementos no xulgado central de instrucción que estivese coñecendo da solicitude de entrega.

2. O xuíz central de instrucción absterase de decidir sobre a entrega, elevando ámbolos dous procesos á Sala do Penal da Audiencia Nacional, que resolverá de acordo co estatuto e, se é o caso, de acordo co tratado que existise co Estado requirente. Cando non existise tratado, daráselle preferencia á solicitude da Corte.

3. O Ministerio de Xustiza informará a Corte cando, sendo declarada inadmisibile a causa por esta, así mesmo se lle denegase a extradición ó Estado requirente.

Artigo 17. *Dos recursos.*

1. Contra as resolucións do xuíz central de instrucción relativas á situación persoal do reclamado cabe recurso de apelación ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional, que se substanciará conforme o previsto no artigo 766 da Lei de axuízamento criminal e resolverase por auto no prazo de cinco días.

2. Contra o auto do xuíz central de instrucción en que se resolve sobre a entrega cabe recurso de apelación ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional, que se substanciará conforme o previsto no artigo 790 da Lei de axuízamento criminal, ben que no escrito de formalización do recurso non se poderán formular outras alegacións que as relativas a quebrantamento das normas e garantías procesuais no expediente e as relativas á concorrencia dos requisitos establecidos nos artigos 89.2 e 91.2 ou 3, segundo os casos, do estatuto.

3. Os autos da Sala do Penal da Audiencia Nacional que resolvan os recursos dos puntos anteriores non serán susceptibles de ningún recurso.

Artigo 18. *Da entrega temporal á Corte.*

1. Cando se acordase a entrega á Corte e a persoa que deba ser entregada estivese cumprindo condena en España ou suxeita a proceso por feitos distintos dos que serviron de base para a entrega, o Ministerio de Xustiza, se non se opuxese o tribunal sentenciador ou o instructor, celebrará consultas coa Corte, para os efectos de decidir sobre a entrega temporal á Corte mediante resolución motivada, coas modalidades da restitución a España que se determinen e computándose en todo caso o período pasado á disposición da Corte.

2. O Ministerio de Xustiza transmitirálle-las informacións precisas ós órganos xudiciais competentes, segundo os casos, e ó Ministerio do Interior, para efectualo desprazamento e no seu momento o retorno.

Artigo 19. *Das actuacións posteriores á entrega.*

1. Se, despois da entrega, a Corte pedise autorización a España para proceder por unha conducta anterior á entrega, trasladaráselle a petición ó Xulgado Central de Instrucción, ou á Sala do Penal no caso previsto no artigo 16 desta lei, que resolverán de acordo co criterio establecido no punto 2 do artigo 101 do estatuto. Se á solicitude da Corte non se lle xuntase unha acta en que se conteñan as observacións da persoa entregada, o Ministerio de Xustiza pedirlle á Corte que lle sexa transmitida e unha vez recibida remitiráselle ó órgano xudicial competente.

2. Cando a persoa entregada for posta en liberdade pola Corte por razóns distintas do cumprimento da sentenza e a Corte se propuxese trasladala a outro Estado, remitiráselle esta información ó Xulgado Central de Instrucción da Audiencia Nacional e, se é o caso, o Ministerio de Xustiza dará o consentimento de España para tal traslado ou solicitará a súa devolución a España se a razón da posta en liberdade se debese a que a causa foi declarada inadmisibile pola Corte polo motivo previsto no artigo 17.1.a) do estatuto.

Artigo 20. *Doutras formas de cooperación coa Corte.*

1. Os órganos xudiciais e as restantes autoridades intervenientes daranlles cumprimento ás solicitudes de cooperación formuladas pola Corte previstas no artigo 93 do estatuto que non estivesen prohibidas na lexislación española e o fin das cales fose tamén facilitalo proceso ante a Corte.

O Ministerio de Xustiza avisará da recepción e informará a Corte acerca do órgano interno ó que se lle transmitise a solicitude.

2. Cando a solicitude da Corte puidese afectar a defensa ou a seguridade nacionais ou teña por obxecto documentos ou informacións que fosen transmitidos a España con carácter confidencial por un Estado, unha organización internacional ou unha organización intergubernamental, o Ministerio de Asuntos Exteriores, en

coordinación cos Ministerios de Xustiza, do Interior e de Defensa ou outros ministerios competentes, efectuará consultas co Estado ou organización de que proceda a información ou documentación, informándose a Corte do resultado de tales consultas.

3. Calquera outra dificultade no cumprimento da solicitude será obxecto de consultas polo Ministerio de Xustiza coa Corte.

4. O obxecto das consultas será exporlle á Corte a razón fundada pola que non se pode presta-la asistencia solicitada, considera-la posibilidade de atendela doutra maneira ou de acordo con outras condicións, estudia-la súa modificación ou retirada, así como asegura-la protección de informacións de carácter confidencial ou restrinxido.

5. No caso de concorrencia de solicitudes de asistencia da Corte e dun Estado, se aparecesen dificultades para atender ámbalas dúas, o Ministerio de Xustiza celebrará consultas coa Corte e o dito Estado, co fin de postergar ou condicionar unha delas, informando se é o caso a Corte, conforme o artigo 93.9.b) do estatuto, de que as informacións, bens ou persoas obxecto da solicitude están baixo o control dun terceiro Estado ou organización internacional.

Artigo 21. *Das persoas suxeitas á xurisdicción da Corte.*

1. As persoas citadas como peritos ou testemuñas para comparecer ante os tribunais españois en cumprimento dunha comisión rogatoria expedida pola Corte terán as mesmas obrigas e responsabilidades que se fosen citadas nunha causa que se seguise en España.

Se a comparecencia for na sede da Corte, terá carácter voluntario, e o Ministerio de Xustiza solicitará información desta acerca das inmunidades e prazo de vixencia para a persoa citada, que lle será transmitida á dita persoa, e os gastos serán anticipados polo Ministerio de Xustiza. Se a Corte remitise algunha instrucción sobre a regra relativa á autoinculpación, entregaráselle o dito documento á testemuña e o órgano xudicial asegurase de que foi debidamente entendido.

Non será necesario o consentimento cando se tratase dun condenado pola Corte que se encontrase cumprindo condena en España, neste caso efectuarase o traslado temporal, nas condicións que se acorden coa Corte.

2. Cando a solicitude de comparecencia na sede da Corte se referise a unha persoa detida en España, o Ministerio de Xustiza dirixirase ó órgano xudicial que estivese coñecendo do asunto para que interroge a dita persoa acerca de se consente o traslado, e se o consentise e a autoridade xudicial española non se opuxese, o Ministerio de Xustiza autorizará o traslado, comunicándollo ó citado órgano xudicial e ó Ministerio do Interior, en coordinación coa Corte.

3. As persoas en tránsito en España para comparecer ante a Corte gozarán de inmunidade.

4. Cando debesen comparecer ante a Corte axentes ou funcionarios españois en calidade de perito ou testemuña, o Ministerio de Xustiza, en coordinación, se é o caso, con outros ministerios ou administracións de que dependan, solicitará da Corte a súa protección.

5. O Ministerio de Xustiza, en coordinación co Ministerio do Interior e, se é o caso, con outras administracións competentes, poderá convir co secretario da Corte a acollida temporal de vítimas traumatizadas ou de testemuñas que puidesen correr perigo polo seu testemuño.

Artigo 22. *Da execución das penas en España.*

1. De conformidade co acordo que eventualmente se celebre entre España e a Corte e coa disposición adicional única da Lei orgánica 6/2000, do 4 de outubro,

pola que se autoriza a ratificación por España do Estatuto da Corte Penal Internacional, o Ministerio de Xustiza, logo das consultas oportunas, comunicarlle á Corte as condicións nas que España estivese disposta a aceptalo traslado dun condenado a pena privativa de liberdade ou as razóns que impedisen a aceptación do devandito traslado.

O Ministerio de Xustiza transmitiralle as oportunas informacións ó Ministerio do Interior para a realización do traslado, debendo serlle comunicada polas autoridades penitenciarias ó xuíz de vixilancia penitenciaria competente a chegada do recluso, nun prazo de vintecatro horas.

2. No caso de que, encontrándose cumprindo condena en España unha persoa condenada pola Corte, esta se propuxese designar a outro Estado para a continuación da execución, o Ministerio de Xustiza formulará as observacións pertinentes.

3. Os xuíces de vixilancia penitenciaria e o Ministerio do Interior prestaranlles o máximo apoio ós maxistrados e ós funcionarios da Corte que comparecesen en España para supervisa-la execución das penas.

4. Para que se poida proceder en España contra un condenado que estivese cumprindo unha condena imposta pola Corte nun establecemento penitenciario español, por feitos anteriores á súa entrega a España, o xuíz instructor ou o tribunal competente dirixiralle a comunicación e a documentación pertinente ó Ministerio de Xustiza, que as trasladará á Corte, absténdose de proceder ata a decisión desta. Igualmente se actuará para a extradición a un Estado.

5. Cando se celebre unha vista na Sala de Apelacións acerca dunha posible redución da pena de quen estivese cumprindo condena en España, corresponde-lle ó Ministerio de Xustiza determina-la conveniencia da intervención procesual e os termos en que se deba producir.

6. En caso de evasión do condenado, o Ministerio de Xustiza informará con urxencia o secretario da Corte de tal circunstancia e consultará con ela acerca de se España lle solicita a súa extradición ó Estado en que se encontre ou se a Corte insta a súa entrega ó devandito Estado.

7. Cando a petición de execución da Corte se referise a unha multa ou orde de comiso, o Ministerio de Xustiza transmitiralle a documentación pertinente ó fiscal xeral do Estado para que inste a execución ante o órgano xudicial competente e, se é o caso, se poñan á disposición do Ministerio de Xustiza os bens ou sumas obtidas para a súa transferencia á Corte.

Artigo 23. *Das medidas de reparación.*

1. O Ministerio de Xustiza, no prazo indicado pola Corte ou, se é o caso, no máis breve prazo posible, remitirá observacións sobre as cuestións formuladas pola Corte, incluídas as relativas ás observacións formuladas polos peritos, podendo solicitar, para tal efecto, informacións de organismos competentes.

2. Cando as observacións se referisen á atribución do importe da reparación a unha organización intergubernamental ou internacional, o Ministerio de Xustiza consultará co Ministerio de Asuntos Exteriores.

3. Cando para completa-la comunicación da Corte se debesen adoptar medidas de execución, procederese, no que sexa pertinente, conforme o procedemento previsto no punto 7 do artigo 22 desta lei.

Artigo 24. *Da intervención de España en calidade de «amicus curiae».*

Se España recibise unha invitación da Corte para participar nun proceso en calidade de «amicus curiae», o

Ministerio de Xustiza consultará co Ministerio de Asuntos Exteriores para determina-la conveniencia ou oportunidade de facelo e, se é o caso, fixa-los termos da dita participación.

Artigo 25. *Da celebración do xuízo e outras actuacións procesuais en España.*

Se a Corte propuxese a celebración do xuízo ou outras actuacións procesuais en España, o Ministerio de Xustiza, logo de consulta cos ministerios de Asuntos Exteriores e do Interior e outras autoridades competentes, comunicarlle á Corte a decisión ó respecto. Se é o caso, os aspectos non xurisdiccionais das ditas actuacións estarán sometidos ó acordo específico que se celebre coa Corte.

Disposición adicional primeira. *Regras de procedemento e proba da Corte.*

As regras de procedemento e proba así como as súas emendas publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

Disposición adicional segunda. *Do modo de proceder polos delitos contra a Administración de xustiza pola Corte.*

1. O Ministerio de Xustiza remitiralle á Corte, por petición desta, o informe que se lle solicitase con carácter previo á decisión da Corte para exercer ou non a súa xurisdicción.

2. Só se poderá proceder en España en relación a estes delitos por solicitude da Corte.

3. Se a Corte se inhibise en favor da xurisdicción española, o Ministerio de Xustiza remitiralle a solicitude ó fiscal da Audiencia Nacional, se o delito fose cometido por un español no estranxeiro, ou ó fiscal xeral do Estado cando o delito se cometese en España.

4. O Ministerio de Xustiza informará a Corte sobre o resultado do proceso.

Disposición adicional terceira. *Dos órganos xurisdiccionais militares.*

1. As referencias que esta lei fai ó Xulgado Central de Instrucción e á Sala do Penal da Audiencia Nacional débense entender feitas, cando a cooperación sexa da competencia da xurisdicción militar, ó Xulgado Togado Militar Central Decano e ó Tribunal Militar Central, respectivamente.

Nos mesmos casos, as referencias que a lei fai ó Ministerio Fiscal e ó Xulgado de Vixilancia Penitenciaria débense entender feitas ó fiscal xurídico militar e ó xuízo togado militar de Vixilancia Penitenciaria.

2. O disposto no punto 2 do artigo 7 desta lei entenderase sen prexuízo do establecido nas leis reguladoras da xurisdicción militar con respecto á competencia desta última nos casos de presenza permanente ou temporal, fóra de territorio nacional, de forzas ou unidades militares españolas, nin afectará tampouco o desempeño da función xurisdiccional polos órganos xudiciais militares que as acompañen.

Disposición derradeira primeira. *Carácter desta lei.*

Os preceptos contidos nos artigos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 (excepto o seu punto 2), 15 e 21.3, a disposición adicional segunda e o punto 2 da disposición adicional terceira desta lei teñen carácter orgánico. Os restantes preceptos teñen carácter ordinario e foron dictados en exercicio do disposto no artigo 149.1.3.^a, 5.^a e 6.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

22716 *LEI 52/2003, do 10 de decembro, de disposicións específicas en materia de Seguridade Social. («BOE» 296, do 11-12-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O carácter dinámico da regulación normativa da Seguridade Social, en razón dos constantes cambios sociais e da necesidade perentoria de acomodar a estes os criterios da protección que aquela dispensa, tradúcese nunha actualización constante das normas aplicables, producíndose unha mutabilidade normativa moi superior á experimentada noutras parcelas distintas de noso ordenamento xurídico.

A necesidade desta acelerada produción normativa no campo da Seguridade Social, no curso da anterior década, viñera propiciando, ademais da aprobación de non poucos novos textos legais, acudir ó recurso da correspondente Lei anual de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as chamadas «leis de acompañamento», e ás respectivas leis de orzamentos xerais do Estado, nas cales se viñeron incluíndo distintas disposicións en materia de Seguridade Social.

Non obstante, parece máis apropiado utilizar unha lei específica en que, sen os requisitos que se esixen con respecto ás materias reguladas naquelas leis, se lles poida dar acollida ós contidos que requiren dunha regulación legal.

Esta constitúe a finalidade desta lei, no contido da cal se engloban un conxunto de medidas relativas a aspectos substanciais, como a acción protectora do sistema, e a outros de carácter instrumental pero de non menor transcendencia, como os de xestión e financiamento.

En primeiro termo, delimitáanse os fins do sistema da Seguridade Social, de modo que se perfile legalmente con toda nitidez o réxime público de Seguridade Social disposto no artigo 41 da Constitución, e se enuncian os principios de universalidade, unidade, solidariedade e igualdade en que o dito sistema se fundamenta.

Como de maneira reiterada estableceu a doutrina do Tribunal Constitucional en relación co artigo 149.1.17.^a da Constitución, correspóndelle ó Estado dentro da súa competencia exclusiva preservar-la unidade do sistema español de Seguridade Social e o mantemento dun réxime público, é dicir, único e unitario de